



PRESENTACIÓN DA OBRA *Travesías del sentir* ANA DE LAS HERAS


Teatro AS TORRES de SANTA CRUZ

xoves, 28 de abril, ás 20 horas

Intervirán:

A autora: Ana de las Heras

A escritora: Silvia Salgado



Travesías del sentir é un libro de relatos curtos cheos de humor e maxia, que narran o cotián dunha maneira entrañable e sinxela, descubriendo a grandeza da vida nos pequenos detalles. Levándonos, a través do sentir, a conectar con nós e coa vida, rescatando do esquecemento o esencial.

Ana de las Heras é natural de Madrid, pero veciña do municipio de Oleiros. Enxeñeira Industrial pola Universidade Politécnica de Madrid, con posgrado en control de Procesos e Loxística. Máis de trinta anos da súa vida pasounos entre números, proxectos de enxeñaría, planificación e xestión da cadea de subministro.

Actualmente cambiou os números polas letras, espertando a súa parte creativa. A recuperación dunha operación cirúrxica levouna a dar longos paseos, a través dos que se conectou de novo consigo mesma e coa Natureza.

Desde as bibliotecas municipais invítase ás persoas que desexen asistir, ata completar o aforo, para que gocen coa palabra.